

## ADXUDICACIÓN

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia, SA) convocou un Procedemento Aberto para a contratación do servizo, “**ATSP240101- Asistencia Técnica para a realización de actuacións de reparación do viaduto da AG-53 sobre o río Barbantiño**” cumpríndose os trámites en materia de contratación, así como os requisitos establecidos no Prego de Bases.

Realizados os estudos pertinentes pola Mesa de Contratación, e de acordo coa proposta formulada pola mesma o Consello de Administración de SPI-Galicia na reunión celebrada o día 8 de maio de 2024, clasificou (por orde decrecente) as proposicións presentadas polos licitadores non excluídos. Presentada a documentación en prazo por parte da empresa clasificada en primeiro lugar.

### **O Presidente de SPI Galicia, SA resolve:**

**Primeiro.**- Adxudicar o contrato á empresa **K2 ESTUDIO DE INGENIERÍA, S.L.** por un importe de **cento cincuenta e un mil cento cincuenta e nove euros e noventa e catro céntimos (151.159,94 €) IVE non incluído**, cunha baixa do **2%**, por ser a que mellor puntuación obtivo no baremo.

**Segundo.**- Que pola empresa adxudicataria se proceda á firma do contrato na contía, forma e prazos que determina o Prego de Bases.

**Terceiro.**- Contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso en materia de contratación de acordo co estipulado na LCSP segundo se recolle no apartado 2.1. do Prego.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Presidente do Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A.  
Francisco Menéndez Iglesias